

# GAÑADORA na categoría de SECUNDARIA

ESTELA MUÍÑOS GARGAMALA

IES Mendiño, Redondela

## O MÚSICO CEGO

Ollos de leite. A primeira vez que os vin ía eu paseando pola praza. Alí, ao carón mesmo da fonte, onde as pombas baixan para petiscar a comida que lle botan os cativos, había un home sentado nunha manta revellida, cunha lata aos pés para pedir esmola.

Dicir que había un home sería algo normal, homes hai moitos, pero este era un individuo peculiar, diferente. Pel pegada aos ósos, fazulas esbrancuzadas, ollos de leite.

Era cego, mais tocaba unha frauta de cana cunha axilidade e sentimento que eu nunca antes vira. Achegueime moi amodiño a el e deixeille na lata unha moediña que trouxera comigo para mercar un xeado. A moeda caeu no recipiente cun son metálico. O home virou a cabeza cara a miñi e miroume; si, miroume cos seus ollos cegos. Xeóuseme o sangue nas veas, e os pelos da caluga tentaron escapar.

Corrín coma un tolo á miña casa, pero, ao día seguinte, volvín velo. Así durante meses, e, durante meses, el ollábame a alma cos seus ollos de leite. Ata que un día, desapareceu. O músico marchou. Nese intre, pensei que nunca o volvería ver e, efectivamente, así foi.

Pero cada noite, cando estou na cama a piques de pechar os ollos,escoito unha melodía que soa a frauta de cana.